



## PREGUNTA ORAL SOBRE AS MEDIDAS ADOPTADAS PARA GARANTIR O ABASTECIMENTO PÚBLICO ANTE A ACTUAL SITUACIÓN DE SECA

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte PREGUNTA ORAL

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación de falta de precipitacións que se vén dando nos últimos meses, con índices de pluviosidade moi por baixo dos habituais nesta época do ano está a facer que moitos concellos teñan activado distintas medidas para tratar de optimizar as reservas hídricas na procura de garantir o abastecemento á poboación en todo momento.

A singular situación do Concello de Santiago que se abastece directamente da canle do río Tambre e que, a diferenza doutras cidades de Galicia, carece dun sistema de regulación augas arriba que lle permita unha almacenaxe a gran escala da auga para o consumo, pode ocasionar unha complicada situación no caso de persistir as condicións adversas.

Por esta razón formúlase a seguinte pregunta

***Que medidas ten adoptado e que operativo ten previsto o Goberno local para garantir en cantidade e calidade o subministro de auga potable ao conxunto da cidadanía no caso de que continúe o período de seca nas vindeiras semanas?.***

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017



Agustín Hernández  
Portavoz do Grupo Popular